

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

RESOLUCIÓN do 13 de marzo de 2026 pola que se convocan as actividades formativas para o persoal ao servizo da Administración de xustiza de Galicia.

Tras ser aprobado o programa de actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para o ano 2026 polo Consello Reitor, de conformidade co artigo 6.2 da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP,

RESOLVO:

Convocar as actividades formativas que figuran no anexo II, que deberán desenvolverse segundo as bases detalladas no anexo I.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2026

Sonia Rodríguez-Campos González
Directora da Escola Galega de Administración Pública

ANEXO I
Bases**Primeira. Requisitos das persoas participantes**

1. Poderá participar nas actividades formativas convocadas mediante esta resolución o persoal empregado público e as persoas integrantes das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa, auxilio xudicial e médicos forenses da Administración de xustiza en Galicia en situación de servizo activo (incluído o persoal que teña concedido un permiso por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral) e que reúna os requisitos establecidos nesta convocatoria.

2. As persoas solicitantes de actividades impartidas na modalidade de teleformación deberán dispor dunha conta de correo electrónico cuxo enderezo terán que indicar na solicitude, así como dun equipo informático que cumpra os seguintes requisitos técnicos:

- Un ordenador con conexión á internet.
- Un navegador web actualizado.



Segunda. *Desenvolvemento das actividades de formación*

Os cursos realizaranse cos requirimentos, duración e condicións que para cada un deles se indiquen na convocatoria. A información relativa ao desenvolvemento das actividades, así como as súas posibles modificacións, será actualizada e ampliada na páxina web <<https://egap.xunta.gal>>.

Terceira. *Solicitudes*

1. O prazo de presentación de solicitudes principiará o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o día 23 de marzo de 2026.

As solicitudes de participación nas actividades formativas só poderán realizarse mediante o formulario de matrícula telemática dispoñible no enderezo <<https://egap.xunta.gal/matricula>>, desde as 9.00 horas da data de inicio do prazo de presentación de solicitudes e ata as 14.00 horas da data de finalización. As solicitudes entenderanse presentadas unha vez que se complete correctamente o proceso de matriculación.

2. O número máximo de cursos que se poden solicitar durante o prazo de presentación de solicitudes límtase a catro.

3. Serán excluídas automaticamente aquelas solicitudes que non se axusten ao formulario de solicitude, non teñan cubertos correctamente os datos precisos para realizar o proceso de selección ou sexan presentadas fóra de prazo.

4. As persoas que oculten ou falseen datos esenciais para a selección serán automaticamente excluídas das actividades solicitadas e pasarán ao final das listas de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado desde que se detecte o feito.

5. As persoas interesadas en recibir mensaxes sobre o proceso de selección deberán facilitar un enderezo de correo electrónico e/ou un número de teléfono móbil.

As persoas que necesiten acreditar circunstancias específicas (discapacidade ou permisos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral), de acordo cos criterios de selección, deben cubrir na súa área de matrícula todos os campos e marcar o recadro de verificación de que están nalgunha destas situacións específicas. Así mesmo, remitiranlle á EGAP a correspondente documentación complementaria, ao enderezo de correo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>, sen prexuízo do previsto no artigo 16.4



da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE número 236, do 2 de outubro). A devandita documentación deberá enviarse por unha única das vías indicadas; no caso contrario, só serán considerados os datos achegados por correo electrónico. A documentación deberá presentarse dentro do prazo sinalado no punto 1 desta base.

6. A EGAP adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación das solicitudes. As dúbidas, as dificultades técnicas e as peticións de información complementaria serán atendidas a través dos números de teléfono 981 54 62 57, 981 54 62 54, 981 54 62 53, 981 54 63 35 e 881 99 70 44 e do enderezo de correo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>, en horario de atención ao público (das 9.00 ás 14.00 horas).

Cuarta. *Comprobación de datos*

1. Conforme o disposto no artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para tramitar o procedemento de selección consultarase automaticamente os datos das persoas solicitantes das accións formativas necesarios para realizar o proceso de selección, salvo que a persoa interesada se opuxese a iso. Neste caso, a persoa interesada deberá indicalo incluíndo os motivos de oposición relacionados coa súa situación particular e achegar, ademais, unha copia dos documentos a cuxa consulta se opón a través do seguinte enderezo electrónico: <xestion.egap@xunta.gal>.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta deberán indicalo expresamente incluíndo os motivos de oposición relacionados coa súa situación particular e deberán achegar os documentos que indiquen a súa situación administrativa, a través do seguinte enderezo electrónico: <xestion.egap@xunta.gal>.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

4. A EGAP poderá pedir as certificacións necesarias para realizar a selección de acordo cos criterios recollidos nesta convocatoria.

Quinta. *Criterios de selección*

1. Os criterios de selección que se empregarán son os sinalados con carácter xeral na Resolución da Escola Galega de Administración Pública do 10 de maio de 2023 (DOG nú-



mero 96, do 23 de maio), con corrección de erros no DOG número 130, do 10 de xullo, e no DOG número 148, do 4 de agosto, sen prexuízo dos criterios específicos establecidos no epígrafe de persoal destinatario de cada actividade formativa incluída no anexo II desta resolución.

Os empates desfaranse de acordo co resultado do sorteo o que se refire o artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 95/1991, do 20 de marzo (DOG número 58, do 25 de marzo). Para o ano 2026, segundo a Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 22 de xaneiro (DOG número 16, do 26 de xaneiro), comezase pola letra M.

2. No caso de que non haxa un número suficiente de solicitantes que cumpran os requisitos do curso, poderá completarse o número de alumnos/as asignado mediante a apertura dun novo prazo público na páxina web da EGAP.

Sexta. Publicación das relacións do alumnado seleccionado

1. A EGAP publicará no enderezo <<https://egap.xunta.gal>> a relación das persoas admitidas, en reserva e excluídas para participar en cada curso, de acordo co disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE número 236, do 2 de outubro).

O prazo de presentación de alegacións será de dez días desde a súa publicación, de acordo co artigo 82.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Logo de transcorrer o prazo de alegacións, a EGAP publicará no enderezo <<https://egap.xunta.gal>> a listaxe definitiva de persoas admitidas no curso. Contra esta listaxe poderase interpor recurso de alzada no prazo dun mes desde a dita publicación, de acordo co disposto polos artigos 112.1, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sétima. Cambios ou substitucións na selección. A renuncia. A asistencia e o seguimento das actividades formativas

1. Os cambios ou as substitucións na selección:

En ningún caso serán admitidos cambios ou substitucións entre as persoas seleccionadas.



2. A renuncia.

a) As persoas seleccionadas poderán renunciar á actividade formativa. A renuncia debe ser comunicada por escrito á EGAP. Na páxina web da Escola está dispoñible un modelo de renuncia.

Para formalizar a renuncia poderase utilizar, alén do previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE número 236, do 2 de outubro), o enderezo de correo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>.

O prazo para presentar escrito de renuncia iníciarase a partir da publicación da listaxe de persoas admitidas, en reserva e excluídas, e finalizará tres días antes do inicio da actividade formativa.

b) As persoas que incumpran o prazo previsto pasarán ao final das listaxes de agarda de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte, contado a partir do día da finalización desta actividade, agás que a renuncia teña algunha das seguintes causas:

- Por causa de forza maior suficientemente acreditada.
- Por necesidades do servizo debidamente motivadas por parte dos/das responsables dos centros directivos.
- Por razóns de conciliación familiar.
- Por outras causas xustificadas documentalmente.

3. A asistencia e o seguimento das actividades formativas:

3.1. Seguimento das actividades presenciais e telepresenciais:

a) Son obrigatorias a asistencia ás sesións da actividade formativa e mais a puntualidade.

b) Durante a actividade formativa terá lugar un control permanente de asistencia e puntualidade, incluídos controis extraordinarios.



c) As faltas de asistencia:

1) Non poden superar en ningún caso o 10 % das horas lectivas. En todo caso, as faltas de asistencia deberán xustificarse documentalmente ante as persoas responsables da actividade formativa nun prazo máximo de 10 días, contados a partir do día da finalización desta actividade. As persoas que incumpran o antedito perderán o dereito ao certificado de participación na actividade formativa.

2. Aquelas persoas cuxas faltas de asistencia superen o 50 % das horas lectivas pasarán ao final das listaxes de agarda de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte, contado a partir do día da finalización desta actividade.

3.2) Seguimento das actividades de teleformación:

As persoas que non completen o 50 % das actividades e tarefas propostas pola titoría pasarán ao final das listaxes de agarda de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte, contado a partir do día da finalización desta actividade.

Oitava. *Superación da actividade formativa*

Para poder superar as actividades formativas, será necesario cumprir os seguintes requisitos:

a) Para as actividades presenciais e telepresenciais: cumprir coa porcentaxe de asistencia indicada no punto 3.1, letra c), e superar unha proba de avaliación, que se realizará ao final de cada actividade.

b) Para as actividades de teleformación:

– A adecuada realización de todas as actividades que o/a titor/a propoña. Estas deben constar debidamente presentadas nos prazos estipulados na programación didáctica do curso. A non superación das actividades obrigatorias suporá a perda automática do dereito a participar no exame final.

– A superación dunha proba de avaliación final en liña.



No inicio da actividade formativa publicarase o correspondente programa na plataforma de teleformación e indicaranse as probas de avaliación previstas, así como as datas en que estas terán lugar. Nestas actividades as probas de avaliación finais serán en liña. A EGAP informará a través da súa páxina web e tamén a través da plataforma de teleformación das datas concretas e das horas da proba final.

Novena. Certificado de aproveitamento

Para acadar o certificado de aproveitamento, o alumnado deberá obter a avaliación positiva do seu profesorado, o cal emitirá un informe en que declare apto/a ou non apto/a cada alumno/a en función do resultado da proba.

Non se expedirán certificados de asistencia sen a superación do curso.

Décima. Facultades da EGAP

1. A EGAP resolverá aquelas incidencias que se poidan producir no desenvolvemento e na xestión das actividades formativas e pode suprimir algunha, ampliar novas edicións da programación ou programar outras actividades diferentes cando así o exixan as circunstancias que afecten a súa organización ou docencia. Tamén lle corresponde á EGAP prover canto sexa necesario para a execución e o cumprimento desta resolución.

2. A execución material das actividades queda condicionada á existencia de crédito orzamentario axeitado e dispoñible e á autorización correspondente do gasto.

3. No suposto de que o número de admitidos/as sexa inferior ao 50 % das prazas convocadas, a EGAP resérvase o dereito a suspender, cancelar ou agrupar varias edicións das actividades, caso en que empregará os medios de notificación ás persoas interesadas previstos na normativa vixente.

4. A EGAP poderá modificar os contidos, o desenvolvemento, as datas e os lugares das actividades formativas, así como resolver todas as continxencias que poidan xurdir. Todas as modificacións que afecten o desenvolvemento das actividades serán anunciadas na páxina web da Escola.

5. A EGAP garantirá na totalidade das actividades derivadas desta convocatoria a promoción da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a eliminación de calquera tipo de discriminación e o fomento dos dereitos de conciliación.





ANEXO II

Código	Denominación	Persoal destinatario	Horas	Prazas	Modalidade/ localidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame final
Coñecementos transversais								
FX26027	Prácticas preventivas ante agresións para o persoal de atención ao público	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	25	50	Teleformación	2.6.2026	28.6.2026	2.7.2026 18.00 horas
FX26027	Prácticas preventivas ante agresións para o persoal de atención ao público	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	25	50	Teleformación	20.10.2026	15.11.2026	19.11.2026 17.30 horas
FX26028	Os medios á disposición da Administración de xustiza en Galicia	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	25	50	Teleformación	21.5.2026	21.6.2026	26.6.2026 16.30 horas
FX26028	Os medios á disposición da Administración de xustiza en Galicia	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	25	50	Teleformación	26.10.2026	20.11.2026	25.11.2026 16.30 horas
FX26029	A instrución polo Ministerio Fiscal e axuízamento no proceso penal dos menores	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	25	50	Teleformación	2.11.2026	25.11.2026	30.11.2026 17.00 horas
FX26030	Os medios axeitados de solución de controversias	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	25	50	Teleformación	29.5.2026	15.6.2026	19.6.2026 16.30 horas





Código	Denominación	Persoal destinatario	Horas	Prazas	Modalidade/ localidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame final
FX26030	Os medios axeitados de solución de controversias	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	25	50	Teleformación	21.10.2026	16.11.2026	20.11.2026 17.00 horas
FX26031	O Estatuto xurídico do persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia. Actualización tras a Lei orgánica 1/2025	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	25	50	Teleformación	9.4.2026	6.5.2026	11.5.2026 17.00 horas
FX26031	O Estatuto xurídico do persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia. Actualización tras a Lei orgánica 1/2025	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	25	50	Teleformación	26.10.2026	20.11.2026	25.11.2026 17.00 horas
FX26032	Xustiza accesible e deseño universal	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	25	50	Teleformación	20.5.2026	14.6.2026	18.6.2026 16,30 horas
FX26032	Xustiza accesible e deseño universal	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	25	50	Teleformación	22.10.2026	18.11.2026	23.11.2026 17.00 horas
Itinerarios formativos								
FX26005	O dereito de familia: normativa, procedementos e tramitación procesual	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	30	50	Teleformación	26.5.2026	25.6.2026	1.7.2026 17.00 horas





Código	Denominación	Persoal destinatario	Horas	Prazas	Modalidade/ localidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame final
FX26005	O dereito de familia: normativa, procedementos e tramitación procesual	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	30	50	Teleformación	28.9.2026	28.10.2026	2.11.2026 17.30 horas
FX26006	O novo Rexistro Civil. Evolución histórica. Situación actual. A nova aplicación DICIREG	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	25	50	Teleformación	4.5.2026	29.5.2026	2.6.2026 17.30 horas
FX26006	O novo Rexistro Civil. Evolución histórica. Situación actual. A nova aplicación DICIREG	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	25	50	Teleformación	1.10.2026	26.10.2026	30.10.2026 16.30 horas
FX26007	Módulo I. Execución civil: disposicións xerais	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	25	50	Teleformación	1.6.2026	26.6.2026	1.7.2026 16.30 horas
FX26008	Módulo II. Execución civil: procedemento de constrinximento e trámites posteriores. Especialidades da execución hipotecaria	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	25	50	Teleformación	29.10.2026	23.11.2026	27.11.2026 18.00 horas
FX26009	Módulo III. Procedementos cívís: disposicións xerais e modalidades procesuais	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	25	50	Teleformación	27.4.2026	22.5.2026	26.5.2026 19.00 horas





Código	Denominación	Persoal destinatario	Horas	Prazas	Modalidade/ localidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame final
FX26010	Módulo IV. Xurisdición voluntaria	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	20	50	Teleformación	8.6.2026	28.6.2026	2.7.2026 17.00 horas
FX26011	Módulo V. As medidas de apoio xudicial ás persoas con discapacidade	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	25	50	Teleformación	13.4.2026	8.5.2026	13.5.2026 16.30 horas
FX26011	Módulo V. As medidas de apoio xudicial ás persoas con discapacidade	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	25	50	Teleformación	14.9.2026	8.10.2026	15.10.2026 17.00 horas
FX26012	Módulo I. Lexislación social I	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	25	50	Teleformación	4.5.2026	28.5.2026	2.6.2026 16.30 horas
FX26013	Módulo II. Lexislación social II: as modalidades procesuais na orde social	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	25	50	Teleformación	29.10.2026	23.11.2026	27.11.2026 19.00 horas
FX26014	Módulo I. Contencioso I	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	25	50	Teleformación	28.9.2026	23.10.2026	27.10.2026 18.00 horas





Código	Denominación	Persoal destinatario	Horas	Prazas	Modalidade/ localidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame final
FX26015	A prisión provisional como medida cautelar persoal no proceso penal	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	30	50	Teleformación	14.9.2026	14.10.2026	20.10.2026 18.00 horas
FX26016	Módulo I. A actividade dos xulgados de garda: actuacións propias e alleas aos xulgados de instrución	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	20	50	Teleformación	12.5.2026	1.6.2026	5.6.2026 17.30 horas
FX26016	Módulo I. A actividade dos xulgados de garda: actuacións propias e alleas aos xulgados de instrución	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	20	50	Teleformación	28.10.2026	19.11.2026	24.11.2026 16.30 horas
FX26017	Módulo II. Violencia de xénero e familiar. Tramitación	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	30	50	Teleformación	15.10.2026	15.11.2026	20.11.2026 17.30 horas
FX26018	Módulo III. As actividades dos órganos xurisdiccionais na execución penal	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	30	50	Teleformación	15.9.2026	15.10.2026	20.10.2026 16.30 horas
FX26019	Módulo IV. Actividades procesuais dos xulgados de instrución	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos Corpos de Xestión Procesual e Administrativa, Tramitación Procesual e Administrativo e Auxilio Xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	30	50	Teleformación	29.10.2026	29.11.2026	3.12.2026 16.30 horas



Código	Denominación	Persoal destinatario	Horas	Prazas	Modalidade/ localidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame final
FX26020	As novas reformas lexislativas procesuais no ámbito civil. O Real decreto lei 6/2023	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	30	50	Teleformación	18.5.2026	17.6.2026	22.6.2026 17.30 horas
FX26020	As novas reformas lexislativas procesuais no ámbito civil. O Real decreto lei 6/2023	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	30	50	Teleformación	22.10.2026	22.11.2026	26.11.2026 18.00 horas
FX26021	As novidades lexislativas no ámbito procesual penal. Real decreto lei 6/2023. A Lei orgánica do dereito de defensa	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	25	50	Teleformación	4.5.2026	29.5.2026	3.6.2026 18.30 horas
FX26021	As novidades lexislativas no ámbito procesual penal. Real decreto lei 6/2023. A Lei orgánica do dereito de defensa	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	25	50	Teleformación	19.10.2026	13.11.2026	18.11.2026 17.00 horas
FX26022	O Ministerio Fiscal e a actividade extraprocésual no ámbito da investigación penal. Circular 2/2022, do 20 de decembro, da FXE	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	30	50	Teleformación	21.5.2026	21.6.2026	26.6.2026 17.30 horas
FX26023	As distintas actuacións en lugares públicos: actos de comunicación e actos de execución	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	15	50	Teleformación	13.4.2026	27.4.2026	30.4.2026 18.00 horas



Código	Denominación	Persoal destinatario	Horas	Prazas	Modalidade/ localidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame final
FX26024	Atención ás vítimas do delito e información á cidadanía	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	30	50	Teleformación	1.9.2026	1.10.2026	6.10.2026 17.00 horas
FX26025	Asistencia xurídica gratuíta	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	20	50	Teleformación	15.4.2026	5.5.2026	11.5.2026 17.00 horas
FX26026	A nova oficina xudicial. Estrutura e organización	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	25	50	Teleformación	27.4.2026	22.5.2026	27.5.2026 18.30 horas
FX26026	A nova oficina xudicial. Estrutura e organización	Persoal empregado público e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.	25	50	Teleformación	15.10.2026	9.11.2026	13.11.2026 17.30 horas
Medicina forense								
FX26033	Valoración de dano corporal: exploración e actualización segundo a Lei 5/2025	Persoal médico forense do Imelga.	12	30	Telepresenza	4 de xuño das 9.30 ás 14.30 horas e das 16.00 ás 18.00 horas 5 de xuño das 9.30 ás 14.30 horas		5.6.2026 14.00 horas
FX26034	Cronotanodiagnóstico: actualización	Persoal médico forense do Imelga.	12	30	Telepresenza	14, 15 e 16 de outubro das 9.30 ás 13.30 horas		16.10.2026 13.00 horas
FX26035	Trauma psíquico II: análise de casos prácticos	Persoal médico forense do Imelga. Persoal dos equipos psicosociais do Imelga.	12	30	Presencial. Santiago de Compostela	5 de novembro das 9.30 ás 14.30 horas e das 16.00 ás 18.00 horas 6 de novembro das 9.30 ás 14.30 horas		6.11.2026 14.00 horas

Código	Denominación	Persoal destinatario	Horas	Prazas	Modalidade/ localidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame final
FX26036	Ferramentas de intelixencia artificial aplicadas á medicina legal	Persoal médico forense do Imelga. Persoal dos equipos psicosociais do Imelga.	12	30	Telepresenza	19 de novembro das 9.30 ás 14.30 horas e das 16.00 ás 18.00 horas 20 de novembro das 9.30 ás 14.30 horas		20.11.2026 14.00 horas

CVE-DOG: mw8bas34-e4t2-bdt9-lji9-8uydazsm7pn7

